



DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) polo presente veño en convocar sesión **ORDINARIA** do Pleno da Corporación que se celebrará na Casa de Cultura de Valdoviño (no canto do Salón de Sesións da Casa Consistorial por razón derivadas do COVID-19), o vindeiro **XOVES, día 05 de AGOSTO/2021 ás 20 HORAS** en primeira convocatoria, e no caso de non existir quórum necesario en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora; para tratar os asuntos relacionados no seguinte

ORDE DO DÍA

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- Aprobación, se procede, dos borradores das actas de sesións anteriores: 21.06.21 (Extraordinaria e Urxente) e 01.07.21 (Ordinaria).

2º.- Aprobación e rendición da Conta Xeral do exercizo 2020.

3º.- Expte contratación obra: Fase III: Ampliación de edificio de usos múltiples para centro sociocomunitario (Expte. 2021/C003/000002).

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

4º.- Dar conta de decretos da Alcaldía emitidos no mes de xuño de 2021.

5º.- Dar conta de período de pago e informe de morosidade do 2º trimestre da anualidade 2021.

6.- Rogos e preguntas.

A presente convocatoria entregárase a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE